

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA
CURSO: 2º
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|---|--|
| B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. |
| B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. | CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área. |
| B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. | CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. |
| B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural. |
| B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. | CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|--------------------------------------|---|
| Avaliación | <p>Procedementos: a avaliación será continua.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios, traballos e tarefas que impliquen o desenvolvemento competencial e promovan a curiosidade científica. - Non se terá en conta na calificación o dominio daqueles contidos NON abordados na aula. Valorarase positivamente a execución das tarefas e o interese mostrado pola materia e a aprendizaxe. |
| | <p>Instrumentos:</p> <p><u>Plan quincenal:</u> actividades e tarefas de repaso que serán avaliadas quincenalmente</p> <p><u>Lista de control:</u> entrega dos traballos e tarefas do alumnado.</p> <p><u>Traballo individual:</u> investigacións e tarefas persoais que permitan afondar nos contidos da materia. Os traballos recolleranse no <u>portafolio individual</u>.</p> <p><u>Libro de texto:</u> sobre o que se realizan algunhas tarefas.</p> |
| Cualificación final | <p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación final do trimestre suporá a adquisición dos estándares adaptados a este trimestre. Así como a <u>participación, esforzo e implicación na materia</u>.</p> <p>A avaliación final de curso consistirá na media aritmética das calificacións obtidas no primeiro e segundo trimestres. A repetición de curso enténdense coma unha medida de carácter excepcional.</p> <p>A nota do terceiro trimestre só afectará á calificación final se beneficia ao alumno/a.</p> |
| Alumnado de materia pendente | <p>Ningún dos alumnos e alumnas de segundo de primaria do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña tivo unha calificación negativa na área nos anteriores trimestres. Polo tanto, non hai alumnado con materia pendente.</p> |
| | <p>O alumnado recibe unha atención individualizada con gran apoio por parte da familia. Aquel alumnado que presenta dificultades para seguir o ritmo na materia recibirá tarefas acorde ás súas necesidades; para a súa calificación, terase en especial consideración a constancia e esforzo na materia, mostrando hábitos de estudo e traballo.</p> |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|--|--|
| Actividades | <p>Repaso e reforzo, mediante tarefas abertas, fichas de elaboración persoal e achegadas polas editoriais, así coma actividades recollidas no libro de texto, aquelas que permiten o desenvolvemento competencial e o traballo individual.</p> <p>Actividades de ampliación coas que avanzar na materia preparando ao alumnado para o seguinte curso. Iranse subido á web do centro arquivos nos que ir recollendo unha explicación escrita dos contidos a ampliar e as tarefas a desenvolver.</p> |
| Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade) | <p>Tarefas quincenais: repaso dos contidos abordados, permitindo profundizar nos temas vistos na aula de forma máis individualizada, retomando aqueles aspectos que non quedaran ben asentados</p> <p>Recepción de traballos e corrección: o alumnado envía ao correo electrónico as actividades globalizados e interdisciplinares que implican a busca de información en varias materias.</p> <p>As familias de primeiro conta con conexión á internet, mantendo a vinculación co seu titor.</p> <p>Comunicación: o titor será o principal enlace co grupo.</p> <p>As familias conta con Abalar Móbil como canle de contacto e unha conta de correo electrónico, á que remitir as tarefas.</p> |
| Materiais e recursos | <ul style="list-style-type: none"> - Libros de texto. O alumnado de primeiro conta na casa co libro de Ciencias Sociais, da editorial Santillana. O material de primeiro é funxible, escribindo directamente sobre os libros de texto para a realización das tarefas. - Portafolios / Carpetas individuais onde o alumnado debe ir gardando as tarefas que vaia desenvolvendo coa axuda das familias. - Explicación por escrito das tarefas e dos contidos traballados. Os documentos son subidos á web do centro, ao apartado de Ciencias Sociais en 2º curso. Non requiren ser impresas, pero aquel alumnado que non conta con impresora na casa, recibe o material mediante o Concello. - Ordenador personal: co que manteño a comunicación co alumando e no que elaboro os materiais que fago chegar ás familias. - Wifi e/ou conexión de datos móbiles. |

4. Información e publicidade

| | |
|--|--|
| Información ao alumnado e ás familias | <p>O mestre titor encárgase de manter informadas a familia e alumnado de 1º das diferentes novidades.</p> <p>A ferramenta Abalar Móbil, así coma o correo electrónico, permite que as familias poidan formular preguntas e suxestións.</p> <p>Empregouse a ferramenta Abalar Móbil para informar ás familias dos resultados da calificación do segundo trimestre.</p> <p>O alumnado e as familias son informadas colectivamente mediante os avisos publicados na páxina Web do centro.</p> |
| Publicidade | Web do centro. |